

F. Fernández Rei (2008): “Antón Santamarina: unha vida de xenerosa entrega á construción e á dignificación da Patria da Lingua”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 13-51.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Antón Santamarina: unha vida de xenerosa entrega á construción e á dignificación da Patria da Lingua

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

A comezos dos anos 60, Antón Luís Santamarina Fernández “Antón” baixou desde a montaña de Lugo a Santiago para estudar Filosofía e Letras, e no departamento de Filoloxía Románica da Universidade compostelá quedou como profesor e investigador; pero cada agosto desandou o camiño de Compostela á montaña da Fonsagrada para se bañar nas augas do Suarna e nas do mitolóxico Navia, para axudar na recolleita da herba seca e para se mergullar na fala popular da súa infancia, da que tirou material co que redactou traballos pioneiros sobre gramática e léxico do galego.

Forma parte do Instituto da Lingua Galega (ILG) desde que este centro de investigación da USC fora ideado por Constantino García, con quen proxectou e puxo en marcha o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, que permitiu coñecer o estado do galego oral cando era practicamente unha incógnita para os romanistas. Moito antes de que comezase a publicarse, o material do *ALGa* foi un dos principais esteos en que se apoiou o ILG para redactar propostas de codificación morfolóxica e léxica.

Antón é memoria viva de proxectos e accións relacionadas co estatus e co corpus da lingua galega, todos eles de gran transcendencia social. Na etapa da preautonomía de Galicia, a finais dos 70, encargouse de introducir oficialmente a materia de Lingua e Literatura Galega no ensino non universitario, á vez que como secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia comezou a redactar informes para restaurar e oficializar os nomes dos lugares e parroquias de todos os concellos.

Referente fundamental na codificación do galego moderno, participou en diferentes comisións que nos últimos trinta anos teceron e desteceron informes sobre a norma ortográfica e morfolóxica da nosa lingua, á vez que corredactou o *Vocabulario*

ortográfico da lingua galega (VOLGa), onde están os alicerces da práctica totalidade das entradas dos dicionarios e dos vocabularios temáticos editados desde finais dos 80 á actualidade. No seu labor investigador no eido do galego hai traballos pioneiros sobre o verbo, o adverbio, a gheada, a norma e o estándar, xunto con moi diversas publicacións historiográficas, en especial sobre as gramáticas e os dicionarios. E ademais, introduciu a lingua galega na modernidade, pois desde o primeiro momento foi acollendo nas súas investigacións a informática e as vantaxes da revolución tecnolóxica recente.

Organizou diversos congresos e xornadas sobre o galego e outras linguas románicas minorizadas, e sempre estivo (e segue a estar) dispoñible da mañá á noite (primeiro na vella Facultade de Filosofía e Letras da praza da Universidade, logo na Facultade de Filoloxía da praza de Mazarelos, e desde o ano 1984 no ILG, a súa outra casa) para asesorar e axudar a estudantes, colegas e amigos universitarios que acoden a el para lle facer toda clase de consultas, particularmente relacionadas coa docencia e coa investigación; pero desde sempre tamén atendeu xente allea á Universidade interesada en calquera aspecto da lingua e da música popular galega, que son as súas dúas grandes paixóns, xunto coa lectura de todo tipo de libros coa que trata de saciar a súa inmensa arela de saber. Somos moitos, e de moi diversas xeracións, os que podemos dar fe da súa sabedoría e da súa gran xenerosidade.

Nesta contribución á merecida homenaxe a quen entregou toda a súa vida a construír a patria da lingua de todos os galegos e galegas, e a dignificala co seu uso diario desde os organismos privados e os oficiais en que estivo presente, tratarei de sintetizar a traxectoria vital e científica deste sabio da Lingüística, que en eidos como a lexicografía e a onomástica galega é, sen dúbida ningunha, o máis sabio e o mellor coñecedor desde o Padre Sarmiento.

Como complemento figuran dous anexos: un breve anexo I con bibliografía relativa á persoa e á obra de Antón e á súa familia paterna, que me foi de moita utilidade á hora de redactar a súa biografía; e un longo anexo II, coas publicacións, clasificadas por liñas de investigación, xunto con diversas actividades científicas das que é responsable.

1. Neno labrego nas terras da Fonsagrada

Naceu o 18 de febreiro de 1942 na aldea e parroquia de San Martín¹ de Suarna (A Fonsagrada). Nese lugar da súa infancia había casas de celeireiros, isto é, labregos

1 A denominación é San Martín (e non San Martiño) por pertencer á zona do galego oriental onde a terminación é *-in*, e non o *-iño* do galego común.

moi pobres que tiñan como propiedade un casetiño onde durmir e facer un lume, e casas con ar fidalgo pertencentes a xente que levaba o don diante do nome por ter terras arrendadas, gando a medias e cartos para prestar. Tamén había en San Martín casas como a *Casa da Iglesia*, a do seu avó paterno, así chamada porque no seu día era a máis próxima á igrexa. A súa non era casa de celeireiros, mais tampouco daquelas nas que os amos levaban o don.

Na época da II República a confrontación política nas terras da Fonsagrada manifestouse moi vivamente, salientando nese activismo republicano a aldea de San Martín, onde tres tíos paternos de Antón fundaron o grupo azañista de Izquierda Republicana do concello, o que acabou por lle dar ó lugar sona de radical, cando máis ben era conservador. Por moito tempo quedoulle á aldea de San Martín a sona de “roxa” e de intelectual, se cadra porque o resto do concello era un ermo neste aspecto, con analfabetismo endémico e con xente que en todo caso non pasaba de saber ler e coñecer as catro regras. En 1936 o concello da Fonsagrada contaba cuns 18.000 habitantes e San Martín só tiña 150, pero aquí había case tantos mestres e licenciados coma no resto do concello.

O pai de Antón, que era o menor de seis irmáns, non aspiraba a dedicarse á labranza, mais acabou sendo o *meirazo* e ocupándose das terras e do gando da Casa da Iglesia, despois de que os outros irmáns fosen deixando a casa matriz para exercer diversas profesións. Sabía ler e escribir polo que aprendera na escola, pero acabou sendo un compendio de sabedoría popular e chegou a ter avanzados coñecementos sobre as enfermidades das vacas e dos porcos, que era o gando que criaban na casa, porque estudara nos libros do seu irmán Enrique. Este realizara a carreira de veterinario, pero a finais dos 40 exiliouse nos Estados Unidos, onde foi catedrático de Patoloxía Comparada da Universidade Rutgers no estado de Nova Jersey. Do departamento de Linguas Romances desta mesma Universidade foi catedrático outro tío paterno de Antón, Leonardo, que se exiliara en 1939 coa derrota da República.

A súa nai era da *Casa de Ferreirolo*, na aldea de Carracedo da parroquia do Padrón, tamén da Fonsagrada. Nacera en Cuba, onde os pais emigraran, pero logo retornaron para se ocupar das propiedades da casa. Muller moi intelixente, era a segunda de cinco irmáns, que non tiveron estudos nin case oficio; e cando casou para San Martín, traballou toda a vida de labradora e atendendo os animais, e co seu traballo contribuíu ó pagamento dos estudos dalgún dos irmáns do seu home.

Antón foi neno labrego, coma o Balbino de Xosé Neira Vilas, mais sen os conflitos deste cos señoritos, porque en San Martín case todos os nenos eran balbinos. Mentres o personaxe de Neira Vilas comía pan de millo e gorentaba polo pan de trigo, na Casa da Iglesia comíase pan do centeo que se botaba nas searas e pan do trigo que

se semeaba nas leiras de labradío. En San Martín non houbo luz eléctrica ata os anos 40, cando algúns veciños puxeron unha plantiña eléctrica que daba tan pouca luz que de noite non se podía enchufar ningún aparello; e só moito despois, en 1985, o lugar de San Martín pasou a ter instalación eléctrica decente. Ata 1964, ano en que se abriu unha pista, a comunicación coa vila da Fonsagrada facíase a pé, dacabalo ou en carro de bois.

Na infancia de Antón, alá en outubro ou novembro, os da casa cortaban un par de *budueiras* coas que un zoqueiro de Carracedo, da aldea da nai, facía un par de *galochas* para cada membro da familia. De necesitárense máis, amañáballes outras un irmán do seu avó paterno, o tío Jesús, que non se esmeraba tanto coma cando as facía para vender, pois as da familia seica ían mal legradas e acababan por magoar os pés. Este zoqueiro era un “librepensador” que lía ó anarquista Kropotkin e ó astrónomo Flammarion e que sobrevivía exercendo tamén de barbeiro e de labrador celeireiro, e difundía os seus coñecementos e facía proselitismo na lareira, no taller de zoqueiro ou nas clases gratuitas nocturnas que lle impartía á rapazada de San Martín.

De neno Antón alindaba as vacas nos prados e, como tantos cativos das aldeas galegas, empezou a manexar o sacho, o arado romano, a grade, a *axada* e outros apeiros, á vez que axudaba na rutina da herba. Na casa había varias vacas con cadanseu *xatín*, que cada día necesitaban dúas cargas de herba que cumpría segar, enfeixar e cargar nun burro, do que había que ter moita conta mentres se ía desde os prados á casa, sempre costa arriba.

Cando con once anos marchou a estudar a Lugo, onde estivo dous anos no Seminario e varios anos no Instituto masculino cursando o bacharelato, deixou de ser neno labrego. Porén, nas vacacións do verán axudaba a segar e a mallar o centeo e o trigo, a gadañar herba seca, a carretar *cuito* para as leiras e a botar nabos; e na primavera de outono axudaba a sementar o *pan* nas searas e a varexar as castañas, coas que facían unha *cainzada* que duraba de outubro a marzo, e axudaba a *catar* as patacas para o *pataqueiro*, onde se almacenaban as que se consumían de outubro a *xuilín*, xa no verán.

Cando comezou os estudos na Universidade, deixou de axudar nos labores do campo, porque agora empezou a pasar os veráns en Inglaterra ou nos Estados Unidos de América, onde ía traballar e aprender inglés. Ademais, neses anos 60 na Casa da Igrexa foise abandonando o escravo traballo de cavar no monte, labor que agora se facía cun tractor de segunda man que axudaran a mercar os tíos americanos.

2. Primeiros contactos co galego literario

Cando Antón era neno, na Casa da Iglesia había unha pequena biblioteca que se fora iniciando con libros do seu tío avó Manuel, que fora mestre e que morrera novo, do seu avó paterno (o tío José) e do tío avó Jesús (o zoqueiro “librepensador”); e logo foise incrementando con achegas dos seus tíos paternos, que eran xente con estudos. Moitos eran libros decimonónicos de tipo enciclopédico sobre xeografía, sobre a terra... pero tamén había algunha obra sobre o darwinismo do tío Jesús. Nesa biblioteca só había un libro en galego, *Aires da miña terra* de Curros, que estaba medio agochado (e xa algo afumado), por considerarse literatura prohibida. Antes de aprender a ler, Antón coñecía a historia de Martiño, Rosa e Xan de Ventrases do poema “A Virxe do Cristal”, porque llelo recitaba ós netos o avó da casa, home bastante relixioso que sabía de memoria ese texto do poeta de Celanova.

Nas festas e xuntanzas familiares cantábase a “Negra sombra” de Rosalía de Castro, “Unha noite na eira do trigo” de Curros e outros poemas cultos que probablemente chegaran á familia a través dunha parenta que os aprendera cando estudara Maxisterio, moito antes do 36. O galego culto, con léxico que non era da fala de San Martín, chegoulle a Antón cando por primeira vez lle ouviu cantar a esa parenta estrofas do “Nouturnio” de Curros, onde aparecían palabras como *tellas* (“Da aldea lexana fumegan as tellas/ detrás dos petoutos vai pódose o sol”) ou *bacelos* (“Vendín pr’os trabucos vacelos e hortas/ e vou po-lo mundo d’entón a pedir”), termos incomprendibles para un neno dunha zona onde as casas teñen *lousas* (e non tellas) e onde non se coñecen os bacelos, porque non é terra de viño, aínda que relativamente cerca de San Martín está a ribeira navega de Ibias e Negueira de Muñiz con viñas. Tampouco entendía que alguén fora pedindo *dentón* (“e vou po-lo mundo d’entón a pedir”), porque para el o *dentón* era a enfermidade que atacaba o centeo e o trigo. Outras formas dese poema como *lexana, fumegan, pódose* ou *trabucos* parece ser que desconcertaban o neno Antón e que lle facían pensar que o galego culto era unha cousa rara, algo ben diferente do que falaba a súa familia e os seus veciños.

A carón desa lingua culta, na súa casa tamén escoitaba historias en galego cando nas festas do San Froilán de Lugo o xornal *El Progreso* traía as crónicas de Pelúdez, prototipo de pailán, un personaxe inventado por Traperero Pardo, que nun galego moi deficiente contaba o que vía nesas festas. O pai de Antón, que á parte de labrador era carteiro e recibía diariamente a prensa, lía en voz alta na cocíña para toda a familia as crónicas do tal personaxe, que todos seguían con certa atención.

O primeiro libro en galego que leu foi aquel *Aires da miña terra* que había na súa casa. Anos máis tarde, no final do bacharelato, lería o segundo, *No desterro*, de Ramón Cabanillas, na edición de Lar que descubrira no Instituto masculino de Lugo.

E desa lectura quedaránlle gravados na memoria os versos “¡Veú nas azas d-un morno Abril; levóuna/ irto vento dun Marzo!” porque non entendía o termo literario *azas* que lle estragaba a interpretación da frase do poema “Amor de neno” que o poeta das Irmandades lle dedicara a unha amiguiña morta².

Durante o bacharelato tivo algúns profesores brillantes, pero de todos eles sempre gardou unha especial estima por Xesús Alonso Montero, non tanto polo ben que lle ensinou literatura española no curso preuniversitario, que en realidade era un curso monográfico sobre o Polifemo de Góngora, senón porque Alonso era un profesor que non estaba de acordo co ensino católico e nacionalsindicalista do franquismo e manifestábo na aula sen disimulo ningún. No acto en que a USC homenaxeou a Alonso pola súa xubilación, Antón manifestou que é difícil saber en qué medida a súa vida e a doutros cambiou por teren sido seus alumnos: “tal vez eu sería igual hoxe catedrático de Filoloxía Románica aínda que estudase o Bacharelato en Pontevedra ou en Ourense en vez de Lugo; pero certamente a miña visión de Galicia e do mundo sería diferente, sen dúbida máis mesquiña pola miña parte. Nisto creo que podo falar por moitos”³.

3. Bautizo galeguista en Compostela

Antón chegou a Compostela en 1961, para comezar os estudos de Filosofía e Letras. Consigo traía unha carta de presentación do seu tío Leonardo, catedrático do departamento de Linguas Romances da Universidade Rutgers (Nova Jersey) para o seu amigo Ramón Piñeiro, un dos fundadores da emblemática Editorial Galaxia e unha das figuras clave do galeguismo cultural da posguerra.

Axiña entrou en relación coa mocidade galeguista da Asociación Cultural “O Galo”, que se fundara ese mesmo ano e que acababa de organizar unha exposición de pintores galegos modernos. “O Galo” foi a primeira dunha rede de asociacións culturais que como cogomelos no outono irían aparecendo por toda Galicia e que tiñan, entre outras finalidades, visibilizar e dignificar a cultura e a lingua galega, socialmente prostrada naqueles anos escuros. “O Galo” organizou numerosas conferencias e actos culturais, que a Antón lle permitiron ir coñecendo e tratando persoalmente galeguistas como Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Filgueira Valverde; e tamén organizou

2 A. Santamarina: “Resposta [a Francisco Fernández Rei]”, en F. Fernández Rei: *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega, 1999, p. 138.

3 A. Santamarina: “Xesús Alonso Montero (Anacos para un *Libro dos amigos*)”, *A Trabe de Ouro* 41, 2000, p. 123.

cursos de lingua galega, algún deles impartidos por Antón (na vella sede do Padre Sarmiento, na entrada do Obradoiro), ó que asistiu Carme Ríos Panisse “Menani”, unha moza galeguista que anos despois acabaría sendo a súa compañeira. Nesa época acudía con frecuencia á sede de “Cantigas e Agarimos” para ir tocar a gaita, mais nunca se integrou no coro desta histórica asociación compostelá.

Foi presidente de “O Galo” alá por 1963 ou 1964, cargo do que o botaron por ser presuntamente comunista. Entre as persoas que asinaron para o destituír estaba a moza Menani Ríos Panisse, que moitos anos despois diso me contou como inxenualmente asinou, o mesmo que outros integrantes de “O Galo”, un papel en branco onde o purgador de turno escribiu contra Antón todo o que quixo.

Unha das accións máis relevantes desa época foi a creación do Concurso de Teatro Galego “Castelao”, que na primeira edición gañou Mariñas del Valle con *A Revolta* (1965). Os cartos do premio obtivéronse na colecta da “campana do peso” por todo Santiago, aínda que houbo quen puxo ben máis cartos ca un simple peso. A entrega do premio efectuouse nunha cea no Hostal dos Reis Católicos, coa que se pretendía concentrar en Compostela todo o galeguismo para instituír unha especie de “Premi d’ Or” das letras galegas ó xeito dos cataláns. Nesa cea en que se anunciou o fallo do xurado estaban García-Sabell, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Isidoro Millán, Carballo Calero e moitos galeguistas especialmente chegados da Coruña e de Vigo. Outro acto relevante foi o Festival de Voces Ceibes, no cine Capitol de Santiago, pouco despois de que en abril do 68 se celebrase o festival dese histórico grupo de cantantes (e de poetas novos) na Facultade de Medicina.

A participación nas diversas actividades de “O Galo” naqueles entusiastas anos 60, as moitas tertulias na “cátedra” da famosa mesa-braseiro de Ramón Piñeiro e algunhas excursións a “santuarios” do galeguismo como a casa de García-Sabell na compostelá Rosaleda, a casa de Pedrayo en Trasalba (coa escusa dada por Piñeiro de que o Patriarca das Letras Galegas facía anos) ou a sede da Real Academia Galega (RAG) na Coruña (cando Piñeiro ingresou en 1967), foi marcando a traxectoria de Antón no incipiente galeguismo cultural e a súa posterior entrada na laica “relixión” do nacionalismo, da que nunca se arredou. Con ou sen carné partidario, o seu sempre foi un nacionalismo nada dogmático e moi respectuoso con calquera que pensa distinto.

4. Formación, docencia e xestión universitaria

Antón Santamarina pertence á primeira promoción de licenciados en Filoloxía Románica (subsección de Español) da USC. No derradeiro curso da súa licenciatura

(1965-66) foi alumno de Carballo Calero na materia opcional de Lingua e Literatura Galega. Garda bo recordo das clases de literatura centradas, principalmente, nas tres coroas poéticas do Rexurdimento e na figura de Ramón Cabanillas. Esas clases complementábanse coa presenza de persoeiros (entre eles Otero Pedrayo) que de cando en vez acudían invitados por Carballo para falaren dun tema.

Na súa formación filolóxica salienta o labor de Abelardo Moralejo, que non só lle ensinou ó alumnado moi ben o latín vulgar, senón que lle impartiu un inesperado cursiño de toponimia galega, con achegas orixinais, que a Antón lle acabaría resultando moi útil. Garda boa lembranza de Manuel Rabanal, catedrático de grego no Instituto Xelmírez de Santiago, que á vez ensinaba Gramática Histórica do Español na Universidade e que “mallaba no manual de Pidal, que nos fixo bordar e foinos moi bo”; pero do seu profesorado universitario lembra dun xeito especial a excelencia pedagóxica da profesora de francés Mme. Jourdan.

No curso 1967-68 incorporouse como profesor adxunto interino na Facultade de Filosofía e Letras da USC e en 1975, por oposición, pasou a ser adxunto de Filoloxía Románica do mesmo centro. En xuño de 1978 obtivo a praza de agregado de idéntica materia na Universidade de Granada e en setembro dese mesmo ano pasou a selo da USC. En marzo de 1983 foi nomeado catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Cádiz, pero quedou en comisión de servizo na USC, onde comeza a exercer de catedrático en setembro dese mesmo ano. E en Compostela continuou ata o día de hoxe.

As primeiras materias que impartiu foron Gramática Histórica do Español, Dialectoloxía Española e Gramática Española. Logo daría Filoloxía e Lingüística Románica, case sempre a partir de textos, xa se tratase do latín vulgar ou das diversas linguas romances na fase medieval; e desde hai uns anos ocúpase de Variedades Románicas Minorizadas e de Onomástica Románica. Ademais, foi o primeiro profesor de lingua e literatura catalá da Facultade de Filoloxía, alá desde o final do franquismo ata case a década de 1990.

Antón non foi alumno de Constantino García, que chegara a Compostela en febreiro de 1966 para tomar posesión da cátedra de Filoloxía Románica; mais é el quen lle dirixe en 1967 a súa memoria de licenciatura *Vocabulario del Valle del Suarna*, modelo para dúcias de tesinas sobre falas galegas, e a súa tese *El habla del Valle de Suarna*, coa que Antón se doutorou en 1973 na Universidade compostelá.

Naqueles anos 60 Constantino García traía a Compostela o saber romanístico de Alemaña. Eran ideas filolóxicas que na USC resultaban novidosas, que el aplicou e, sobre todo, animou a aplicar ó galego nun momento en que en Galicia practicamente todo estaba por facer no eido da lingua. Ademais, foi quen ideou o ILG, organismo supradepartamental para a defensa, o estudo e a difusión do galego, creado *de iure* en

xullo de 1971, pero que *de facto* xa existía en maio dese ano⁴. En realidade o ILG nacía como un servizo paralelo do departamento de Filoloxía Románica para poder captar e xestionar recursos para proxectos que o departamento non podía captar. Tratábase de pequenas axudas de fundacións (Barrié de la Maza, Penzol ou Fingoi), que se destinaban, sobre todo, á recolleita léxica con enquisas por todo o dominio lingüístico galego a cargo de estudantes do final da licenciatura, que logo redactaban a súa tesña co material recompilado.

Constantino García foi o primeiro director do ILG e Antón foi *de facto* o seu primeiro secretario, aínda que de dereito comezou a selo en abril de 1978, que é cando as actas do Instituto empezan a redactarse en galego. Ó dimitir en novembro de 1990, Antón foi nomeado director en funcións, pasando a ocupar a dirección entre marzo de 1993 e decembro de 2004.

En 1974 Constantino García fundou a revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, publicación que en poucos anos acadou un merecido prestixio para a Facultade de Filoloxía da USC no ámbito da hispanística e da romanística. Nos anos 70 o papel de *Verba* e, sobre todo, dos seus anexos foi fundamental para que a lingua galega empezase a ser considerada no eido da romanística. Antón foi secretario desa publicación desde a súa aparición ata 1986 e é membro do seu consello de redacción ata o día de hoxe.

Foi nomeado vicedecano da Facultade de Filoloxía en abril de 1984 e director do antigo departamento de Filoloxía Románica en marzo de 1985, ata que en 1987 este se integrou no actual departamento de Filoloxía Galega, do que recentemente Antón ocupou a dirección en funcións.

Fóra da USC foi membro do Consello da Cultura Galega no cupo de persoeiros galeguistas de 1989 a 1997, onde foi responsable da Sección de Lingua e do Arquivo Sonoro de Galicia, Vicepresidente de 1992 a 1997 e Presidente en funcións en 1996 cando se produciu o falecemento de Filgueira Valverde. Ingresou como académico de número da Real Academia Galega en 1998, onde dirixe o Seminario de Onomástica desde a súa creación no 2001. Antes dirixira o Seminario de Gramática da Academia.

4 O 26 de xullo do 1971 o Patronato do ILG, presidido polo reitor Manuel García Garrido, aprobou o “Proyecto de creación del Instituto de la Lengua Gallega” e propuxo como Director a Constantino García González, como Subdirector a Manuel Díaz y Díaz e como secretario a Ricardo Carballo Calero, todos eles membros do devandito Patronato.

O ILG xa estaba creado en maio de 1971, cando se presentou *Galego 1*, primeiro volume dun método de ensino de galego. Da existencia do Instituto fálase na prensa galega dese mes a propósito da presentación dese volume e tamén na portuguesa, pois no xornal portugués *República* (25.5.1971) nunha “Lembrança da Galiza” Rodrigues Lapa referíase a ese volume como “iniciativa do Instituto de Língua Galega, que acaba de ser criado na Universidade de Santiago”.

Nos seus 40 anos de profesor universitario foi realmente a investigación a súa gran paixón, na que non escatimou horas nin días, agás o sagrado mes de agosto de ascensión ás montañas da Fonsagrada da súa infancia. En realidade nin a xestión nin os cargos foron as súas debilidades, tal como el mesmo manifestou: “A verdade é que a miña vocación política é nula e, francamente, se nalgunha ocasión estiven en política ou tiveren cargos, incluso o de Director do Instituto da Lingua Galega, foi máis ben por cubrir necesidades, e non polo pracer que me proporcione a min estar nestes postos de responsabilidades”⁵.

5. Cultivo, promoción e introdución do galego no ensino

A finais dos anos 60 había varias gramáticas do galego, particularmente as anticuadas de Saco e de LUGRÍS e as recentes de Carballo Calero e de Carré Alvarellos, pero non existía un método práctico para aprender ou perfeccionar o idioma. En 1970 varios profesores do departamento de Filoloxía Románica, baixo a dirección de Constantino García, comezaron os traballos dun método no que a lingua empregada fose a falada e comprendida en todas as partes, unha lingua depurada que tivese en conta tanto a popular como a da tradición literaria e que non lle dese ó falante espontáneo a impresión de artificiosidade. Querían redactar un método de aprendizaxe que á vez servise de modelo lingüístico único para o ensino e para a redacción dos traballos de investigación que se realizaban no devandito departamento.

O resultado foron os volumes *Galego 1* (1971), redactado en castelán, para principiantes; *Galego 2* (1972), en galego, para ampliación e perfeccionamento; e *Galego 3* (1974), tamén en galego, onde se trataban algúns problemas estritamente gramaticais e se daban consellos estilísticos sobre o uso da lingua para evitar hiperenxebrismos, barbarismos, castelanismos e lusismos, ó tempo que se presentaba un panorama da cultura galega con textos redactados por especialistas. Os redactores dos tres volumes foron Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, aínda que Lorenzo se incorporou cando o *Galego 1* xa era un borrador.

Verbo da autoría dese manual, na resposta ó discurso de ingreso de Antón na Academia Galega, Alonso Montero dicía que “sen faltar ó respecto a ningún dos ilustres colaboradores desta triloxía, tan oportuna e eficaz, daquela, para o ensino do galego, como demostran os miles de exemplares vendidos, teño a evidencia de que a man de Antón Santamarina está moi presente na elaboración e redacción destes

5 M. X. Lama: “Entrevista con Antón Santamarina, director do Instituto da Lingua Galega”, *Galicien Magazine* 3, 1997, p. 20

beneméritos manuais. Falo da man, pero eu vexo, coa mesma claridade, o espírito e o compromiso de Antón Santamarina”⁶.

Coa edición dese manual o ILG comezaba o seu labor de extensión universitaria, pois da recolleita de material léxico o traballo foi derivando tamén cara á normalización do galego, sen abandonar o labor de campo e a investigación sobre o idioma. A comezos dos 70 había unha Lei de Educación que permitía tímidamente a presenza do idioma no ensino de maneira experimental, polo que desde o propio Instituto, a través do ICE da USC, se organizaron bastantes cursos de galego en moitas vilas e cidades, especialmente dirixidos a mestres. E dun xeito ou doutro Antón sempre estivo presente neses cursos.

Lembra con moitísimo entusiasmo o primeiro que se impartiu, a comezos dos 70, e no que el foi un dos profesores. Considera que foi o máis gratificante que deu na súa vida, porque a xente daquel curso estaba totalmente motivada e asistía soamente por interese, xa que calquera diploma que se lles dese non tiña validez ningunha, porque non había galego no ensino nin levaba aínda trazas de habelo. Nese curso impartira unha conferencia o seu tío catedrático no departamento de Linguas Romances da Universidade de Rutgers, que fora mestre e estudante de Pedagogía e que nos Estados Unidos se empapara dos métodos americanos.

Nos anos seguintes impartíronse moi diversos cursos para aprendizaxe da lingua por toda Galicia, tanto a cargo de asociacións culturais como de colexios e, sobre todo, de centros de Ensino Medio, nos que se usaba o método de galego do ILG, o que explica as reimpresións e reedicións. A mediados dos 80 ían vendidos case 150.000 exemplares, dato que é boa proba do éxito acadado. Para facer eses cursos de lingua e cultura galega, contouse coa colaboración de profesores de todos os niveis e de escritores, algúns deles formados nos cursos impartidos a través do ICE, que os desenvolvían en centros de ensino e en locais das asociacións culturais.

Por iso anos despois, cando o 9 de marzo de 1983 Antón recolleu no paraninfo da USC o Premio Ossian que a Fundación F.V.S. de Hamburgo lle concedeu ó ILG polo seu labor a prol do galego, dicía que consideraba “tamén premiadas a tódalas asociacións que durante os últimos vinte anos viñeron traballando en defensa do galego”, á vez que recoñecía o estímulo, a crítica e a inestimable axuda da xente amiga do Instituto, “de todos aqueles que cren que o galego é un instrumento e non un monumento, unha casa e non un museo”⁷.

6 X. Alonso Montero: “Resposta [a Antón Santamarina]”, en A. Santamarina: *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. Real Academia Galega: A Coruña, 1998, p. 82.

7 “Palabras do Prof. Antón Santamarina en agradecemento á Fundación F.V.S. de Hamburgo pola concesión do premio Ossian ó I.L.G.”, en Stiftung F.V.S. zu Hamburg: *Verleihung des Ossian-Preises 1982 an das Instituto da Lingua Galega am 9. März 1983 in Santiago de Compostela*. [Hamburg]: Stiftung F.V.S. zu Hamburg, 1983, p. 23.

A raíz do Real Decreto de 20 de xullo de 1979 do Ministerio de Educación relativo á incorporación do galego ó sistema de ensinanza non universitaria creouse na Xunta de Galicia preautonómica unha Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega da que se ocupou Antón. Nos meses que estivo neste cargo, coa colaboración de Xoán Babarro, pioneiro da redacción de material escolar en galego e do ensino en galego, puxo en marcha un plano de cursos de reciclaxe para mestres de EXB, similar ó establecido en Cataluña, aínda que adaptado á situación galega; e ó mesmo tempo Antón sentou as bases para a introdución do galego en todos os niveis do ensino non universitario e para o seu emprego como lingua vehicular noutras materias. Con todo, garda un recordo agridoce desa incursión política.

Nesa época Antón viviu moi de cerca a intensa campaña que, sobre todo, desde sectores da esquerda nacionalista se realizou contra o decreto de implantación do galego (popularmente coñecido como “Decreto de bilingüismo”), campaña en boa parte dirixida contra o propio Antón, pois a fin de contas el, que era persoa de contrastada valía intelectual no campo do galego e con pedigree galeguista (e nacionalista de esquerdas), estaba a lexitimar coa súa presenza a incipiente política lingüística do estreado goberno de centro-dereita da Galicia preautonómica de finais da década dos 70.

6. Codificación da lingua galega

A súa preocupación pola depuración e unificación do galego escrito vén de lonxe, polo menos desde que participou no citado *Galego 1*. Cando no departamento de Filoloxía Románica se empezou a traballar nese manual, o ILG legalmente aínda non existía. Nesa época a RAG publicara as *Normas ortográficas do idioma galego* (1970), un texto sinxeliño con tres apartados (abecedario, acento e contraccións) e un apartado IV (“A norma supletoria”) onde se dicía: “Nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”. Un ano despois a Academia editaba as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que incluía as anteriores e unha segunda parte con pautas para solucións de tipo morfolóxico.

Antes de editarse o *Galego 1* (maio de 1971) intentouse un acordo para evitar as discrepancias entre o que ía ser o modelo do ILG e o que propoñía a RAG. Fíxose unha reunión con escritores e intelectuais galegos, entre eles varios académicos, pero non se chegou a ese acordo. No relativo ás normas ortográficas os redactores do manual do ILG querían que se axustasen á realidade e que non caesen nun fonetismo puramente técnico. Adoptáronse as normas provisórias propostas pola Academia, con diferenzas que se referían á representación da segunda forma do artigo e ó resultado das contraccións das preposicións *a* e *pra* cos artigos.

No primeiro caso preferiuse unha solución máis gramatical; e no segundo caso, mentres as normas académicas preferían *ao, á, pra o* e *pra a*, o ILG adoptou as solucións *ó, á, pró* e *prá*, porque daquela eran as máis utilizadas polos escritores e as máis acordes coa realidade da fala. Na morfoloxía nominal propoñíase o plural *animales* fronte ás normas académicas do 1971 que establecían *animais*; pero no borrador do que ía ser o *Galego 1* o ILG propoñía a solución *animás*, que era a das normas da Academia de 1970⁸. Aínda que non eran moitas as diferenzas entre as propostas das dúas institucións, comezaba a particular “questione della lingua” galega, que Antón viviu ininterrompidamente desde aquela⁹.

Logo de varios anos viuse que non se impuxera ningunha desas dúas propostas, polo que ante a inminencia da entrada xeneralizada do galego no ensino e ante os atrancos que as distintas editoriais achaban, Xulián Maure, daquela responsable da editorial Anaya en Galicia, acudiu ó ILG para que actuase de anfitrión duns seminarios que clarexasen a situación e acabasen coas diverxencias existentes na procura dun acordo sobre unha única norma. De decembro de 1976 a xuño de 1977 celebráronse na Facultade de Filoloxía da USC uns seminarios con participación moi plural, que deron como resultado as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977). No limiar das *Bases* García-Sabell, daquela presidente da RAG, dicía:

Un equipo de lingüistas, escritores, académicos e mestres traballaron durante varios meses na elaboración destas normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Na súa tarefa tiveron presentes as normas que, hai anos e con carácter experimental, publicaron a Real Academia Galega e máilo Instituto da Lingua Galega, así como a tendencia lusista que nos últimos tempos defenderon algúns escritores e lingüistas.

Como asistente a todos eses seminarios son testemuña de que neles cada problema se tratou desde a base, sen aceptar a priori ningunha solución. No estudo dalgúns temas, particularmente morfolóxicos e léxicos, tivo importancia decisiva o material lingüístico do ILG, sobre todo o que se acababa de recoller para redactar o atlas lingüístico. O Instituto asumiu os resultados das *Bases*, que pasou a usar nas súas publicacións (e nas reedicións dos tres volumes do manual de galego) e nos moitos cursos de formación do profesorado que impartiu desde finais dos 70. Máis tarde tamén as asumiría Edicións Xerais de Galicia, da que Maure foi primeiro director.

8 Na ed. do *Galego 1* de 1971 había excepcións para o plural *-les* en formas como *cadris* (sg. *cadril*), *reás* (sg. *real*) ou *adrais* (sg. *adral*).

9 Sobre a cuestión normativa nos anos 70 e comezos dos 80 vista por A. Santamarina cf. H. Monteagudo: “No vintecinco aniversario do Instituto da Lingua galega. Entrevista con Antón Santamarina”, *Grial* 129, 1996, pp. 32-34.

A Academia seguiu coas súas normas, co que continuou a dualidade normativa ILG-RAG. A isto hai que engadir que en 1979 Montero Santalla editou as *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* e en 1980 a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega publicou as *Orientacións para a escrita do noso idioma* (cunha versión reintegracionista en 1982); e a finais dos 70 Carballo Calero, desde a súa cátedra da USC, propugnaba unhas normas afastadas das da Academia Galega, das que el fora o principal redactor.

En 1980 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia publica as *Normas ortográficas do idioma galego*, elaboradas por unha Comisión de Lingüística presidida por Carballo e da que Antón era un dos vogais. Pensadas para o uso escolar, porque o galego xa se estaba introducindo oficialmente no ensino non universitario, e para a administración autonómica, ían converterse nas primeiras normas oficiais; pero a súa duplicidade expositiva (pódese escribir A pero tamén se pode escribir B) invalidounas funcionalmente como pautado de referencia.

No Boletín Oficial da Xunta, 15/80, publicáronse unhas breves *Normas* para a aprobación de libros de texto e material didáctico para o ensino non universitario, resultado dunha Resolución da Subcomisión de Programación e Textos da Comisión Mixta Ministerio de Educación-Xunta de Galicia. Nesta normativa era de regra o plural *animais*, que o ILG admitira nas *Bases*, e en puntos de discordia ILG-RAG (*ó* e *ao*, representación ou non do alomorfo *lo*) admitíanse as dúas solucións. E para os casos non previstos resolveríanse “polas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, da Real Academia Galega e polas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* da Universidade”. E isto foi así ata que en 1982 se oficializaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que ese mesmo ano aprobaran o ILG e a RAG, acompañadas dunha ampla xustificación lingüística de cada escolla.

Xunto con Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez, Antón formou parte do equipo estable constituído por membros do ILG e a RAG que redactou as devanditas *Normas*, á vez que se ocupou de preparar para a imprenta o longo capítulo do verbo, sobre o que xa publicara un anexo na revista *Verba* en 1974. A aparente desculpa para a RAG e o ILG concordaren, nun momento en que comezaba a autonomía de Galicia e o galego xa se introducira no ensino, foi a tradución do Misal, onde tamén participou Antón. Por iniciativa de Torres Queiruga, un dos tradutores e á vez membro da RAG, estableceuse unha comisión para unificar criterios normativos.

As dúas institucións querían unha norma para o galego identificado (para o galego de Galicia e o das comarcas estremeiras), no ronsel do que se viña elaborando desde o Rexurdimento. Non se tiveron en conta outras opcións, porque non era posible conciliar con tendencias que consideraban que o galego era unha variedade satelizada do portugués, e que este idioma era o patrón ideal da lingua galega. Isto

non quere dicir que non se tivese en conta o portugués no tratamento do léxico culto e na adopción de certas escollas morfolóxicas, pois a fin de contas galego e portugués compartiron unha fase común na Idade Media (e o portugués procede do galego antigo).

Poida que as *Bases* fosen a grande ocasión perdida para evitar as intensas labaradas normativas dos anos 80 e 90 nun proceso en que o ILG (non tanto a RAG) estivo sempre no punto de mira. As *Bases* foron o esqueleto, o punto de partida para os traballos das *Normas* do ILG-RAG de 1982. E a bastantes solucións das *Bases* volveuse, 25 anos despois, na proposta acordada por unha comisión formada por tres membros do ILG (un deles Antón) e outros tres de cada unha das áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa das universidades de Galicia que se presentou na RAG. En novembro do 2001 a Academia decidiu “non aceptar por maioría a proposta”, que lle viña de fóra; e logo en xullo do 2003, aprobou por “unha maioría moi ampla” a nova proposta de modificación da normativa saída dunha comisión integrada por varios académicos, un membro do ILG (Antón) e outro de cada universidade galega.

Coordinou, con Manuel González, o *Vocabulario de matemáticas, física e química* (1988), que editou a Xunta de Galicia e no que participaron membros do ICE da USC e profesionais con experiencia no ensino en galego destas materias. E Antón e Manuel González son os principais responsables da redacción do *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)*, que se editou en versión provisional en 1989, xunto cun *Vocabulario inverso da lingua galega* (derivado do *VOLGa*), útil como dicionario de rimas e para a análise de procedementos de formación de palabras. Para a redacción do *VOLGa* realizouse no ILG un seguimento histórico, moitas veces panrománico, de gran parte das 45.000 entradas de que consta, ademais de ter que seleccionar entre as variedades dialectais de moitas entradas; por outra parte, tratouse de modernizar o léxico coa incorporación de voces técnicas e de diferentes parcelas da cultura, á vez que se ían eliminando empréstimos innecesarios do español, para o que o portugués foi unha ferramenta fundamental.

Tanto na fase provisional como na redacción posterior (editouse no 2004 e pode consultarse en internet desde o 2006 no sitio <http://www.realacademiagalega.org/volga/>), á parte dos dicionarios das diversas linguas de cultura modernas, foi necesaria a consulta dos *corpora* do galego (oral, histórico e literario) que se foron creando no ILG desde a década de 1970. O *VOLGa* ten unha importancia fundamental na codificación léxica do galego moderno, pois case todos os dicionarios e vocabularios o seguiron, mesmo nas deficiencias e carencias. E foi tamén a base de diversos correctores ortográficos, do que un dos pioneiros foi o corrector *Corrixe*, de 1997.

En palabras de Víctor Freixanes, do esforzo de Antón Santamarina, “dos seus coñecementos e máis do esforzo e coñecementos das xentes que traballan canda el, foi

nacendo nos últimos vinte anos o corpus máis poderoso, fiable, documentado e feliz da nosa lingua moderna”¹⁰.

7. Codificación e planificación do galego estremeiro

Antón tense ocupado do galego falado nas comarcas estremeiras con Galicia, particularmente da situación da variedade do Eo-Navia, que coñece moi ben, non só por traballos de Dámazo Alonso ou de Rodríguez Castellano, senón por nacer e criarse cerca da Asturias galegófono, ter aínda parentes nesa zona (en Grandas de Salime) e a súa familia paterna proceder da comarca eonaviega. A mediados do século XIX tres Santamarina, que debían ser serradores, subiron da aldea de Cobre, do concello da Veiga de Ribadeo (oficialmente Vegadeo desde 1916) á Montaña. Un quedou en Busqueimado, no concello eonaviego de Santalla de Ozcos, e dous foron para San Martín de Suarna, na Fonsagrada, un deles seu bisavó paterno. Posiblemente a raíz da familia Santamarina e dos seus parentes de Cobre (hoxe todos en Avilés) estea na aldea de Santamariña, do concello eonaviego de Taramundi.

En 1975 editou textos orais de Negueira de Muñiz, administrativamente de Lugo, pero lingüisticamente da área do galego de Asturias; e anos despois, cando no Eo-Navia se empezou a reivindicar a normalización da lingua propia, Antón colaborou con diverso apoio técnico. Formou parte da Comisión Lingüística da MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca) que redactou as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (1990), que constitúen a primeira proposta de codificación desa variedade do galego oriental; e en decembro dese mesmo ano, nunhas xornadas celebradas en Grandas de Salime, presentou unha proposta de programa de normalización lingüística para os concellos de Asturias de fala galega.

A súa preocupación pola dramática situación en que se acha a lingua das comarcas estremeiras levouno a redactar, xunto con Xoán Babarro, unha proposta que o Consello da Cultura Galega aprobou en outubro de 1990, en que se solicitaba do Ministerio de Educación e Ciencia, con toda urxencia, un plano de medidas mínimas inmediatas para introducir como materias obrigatorias a Lingua e a Literatura Galegas nos centros galegofonos de Asturias, León e Zamora, á vez que se debería posibilitar a incorporación do galego como idioma vehicular do ensino e da administración educativa.

10 V. F. Freixanes: “Buscadores de palabras”, *La Voz de Galicia*, 24-10-1998, p. 12.

Tamén se ocupou do Rexurdimento no Bierzo no século XIX (e particularmente do papel de Antonio Fernández Morales), nunha xornada que en 1996 organizou a Agrupación Cultural “Escola de Gaitas” de Vilafranca do Bierzo.

8. Xeografía Lingüística

A recolleita sistemática do galego oral foi unha das primeiras accións que a finais da década de 1960 se realizou na cátedra de Filoloxía Románica que ocupaba Constantino García, liña de investigación que continuou no ILG desde a súa creación para editarse en forma de glosarios ou cartografado. Proxectouse unha recollida de léxico en todo o noso territorio lingüístico a base de inquéritos, que en moitos casos deron lugar á redacción de tesañas de falas, que Constantino García recompilou no *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985).

Precisamente, a tesaña de Antón, sobre a fala de San Martín de Suarna, baseada no método “palabras e cousas”, serviu de modelo de moitos traballos sobre a lingua de parroquias e de concellos galegos, como anos despois o sería a súa tese de doutoramento, non só para o léxico senón tamén para a descrición fonética e fonolóxica (sincrónica e diacrónica) e para a gramática. Xa en 1966 Marília Luz Muñoz Bacelar presentara na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa a memoria de licenciatura *Cambados, palabras e coisas*, dirixida por Luis F. Lindley Cintra, mais non se tivo en conta nos traballos realizados na USC porque non se coñeceu ese traballo ata varios anos despois.

Entre 1973 e 1975, coa colaboración de Menani Ríos Panisse, Antón cubriu os cuestionarios de 11 portos do litoral galego (de Foz á Guarda) e de tres do litoral miñoto portugués para os catro volumes do *Léxico de los marineros peninsulares* que Manuel Alvar editou entre 1985 e 1989. Ademais, colaborou na enquisa que Alvar fixo en Malpica, e cubriu o inquérito do porto eonaviego das Figueiras-Castropol, que permanece inédito, pois Alvar non incluíu ese punto no citado *Léxico*. Antón, que comezou estudando o léxico rural dunha parroquia da Fonsagrada, anos despois converteríase nun excelente coñecedor das voces do mar, e particularmente das denominacións dos invertebrados e peixes, como ben se ve nas anotacións etimolóxicas da monografía de Ríos Panisse *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces* (1977), publicada como anexo de *Verba*.

Os traballos de dialectoloxía galega comezaran propiamente coas investigacións do *Atlas de la Península Ibérica (ALPI)*, con inquéritos sistemáticos desde 1931 a 1936 e desde 1947 a 1954. En realidade este *Atlas* só forneceu ós investigadores o volume I, editado en 1962, con 75 cartas fonéticas. No caso galego, a isto hai que

engadir o que aparece en traballos de Aníbal Otero, investigador no territorio galego e portugués do *ALPI*, que aproveitou material dese atlas para publicar diversos traballos onde varios miles de palabras galegas aparecen definidas e localizadas, caudal léxico reeditado por Antón Santamarina¹¹. Posteriormente, as enquisas parciais por todo o territorio galego coordinadas por Constantino García na USC e as máis completas coas que se redactaron tesinas e teses de falas permitiron ter un bo coñecemento da lingua oral, sobre todo do léxico.

A pesar de todo iso, botábase en falta un atlas específico para o noso idioma cunha rede sistemática de puntos. En 1974 constituíuse no ILG o equipo do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, formado por C. García e A. Santamarina (directores) e por R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González (investigadores), que se proxectou en conexión con outras empresas de xeografía lingüística de carácter máis amplo (particularmente co *Atlas Lingüístico de España y Portugal* e co *Atlas Linguarum Europae*), á vez que se quería afondar no estudo das características específicas do galego.

Estas dúas direccións obedecían ós dous principais obxectivos marcados polo equipo do *ALGa*: a) dar a coñecer a personalidade da nosa lingua no conxunto ibérico, románico e europeo; b) mostrar a riqueza dialectal galega, achegando ó investigador datos para a análise de todas as variantes internas. En 1990 editouse o volume de morfoloxía verbal, elaborado aínda artesanalmente, xa que a informática só se puido usar para a introdución e índices, pero non para a cartografía dos mapas como se fixo con posterioridade. En 1995 apareceu o volume de morfoloxía non verbal, en 1999 o de fonética e no 2003 e 2005 os dous primeiros volumes léxicos. Nun coloquio celebrado en 1980 en Tréveris sobre tradición, actualidade e futuro do galego, Antón presentou un completo relatorio sobre a historia e os resultados da dialectoloxía galega, acompañado de moi diversos mapas sobre fenómenos dialectais, que elaborou a partir do material inédito do *ALGa*.

En outubro de 1986, nun congreso do *Atlas Linguarum Europae* púxose de manifesto a necesidade de iniciar traballos para a elaboración paralela de novos atlas que abranguesen o conxunto xeográfico das tres principais familias lingüísticas europeas (xermánica, eslava e románica). Nesta sesión de traballo, na que Manuel González

11 Son un total de 4.169 voces nos artigos “Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1949-1977) e 2.319 voces en “Contribución al léxico gallego y asturiano”, en *Archivum* (1953-1964), segundo o cómputo de Antón Santamarina, que reeditou ese material de Aníbal Otero no seu electrónico *Diccionario de diccionarios* (versión 3). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003. Con F. García Gondar, en 1977, Antón editara o *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, de Aníbal Otero, que tamén se inclúe nese diccionario electrónico do 2003.

representaba o equipo do *ALGa*, comezou a planificarse o *Atlas Linguistique Roman* (*ALiR*). Antón asistiu á primeira reunión do *ALiR* en xuño de 1987, en Torino, onde se aprobou o cuadrulado do atlas; e tamén na seguinte, en Saint-Vicent (Aosta), onde xunto con F. Fernández Rei e Manuel González, presentou unha síntese das denominacións románicas de luns e martes.

Mercé á constante participación de investigadores do ILG en proxectos paneuropeos, como o PATROM de patronímica románica e os de xeografía lingüística acabados de mencionar, xunto coa difusión que do galego se fixo a través da revista *Verba* e os seus anexos, este idioma deixou de ser un descoñecido a finais dos 80, o que explica que a USC organizase o XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas en setembro do 1989. Ramón Lorenzo fora secretario e Antón membro da comisión organizadora dun congreso en que as linguas das circulares foron o galego e o francés e calquera lingua románica puido usarse nos relatorios; e ademais, a lingua galega tivo unha sección específica.

9. Lexicografía, Toponimia e Tradución

Na tradición lexicográfica galega nunca se efectuara un baldeirado sistemático das fontes literarias. Unicamente no *Diccionario gallego-castellano* (1913-1928) da RAG, interrompido na voz *cativo*, hai un corpus literario, aínda que escaso e cun exceso de citas tiradas de textos medievais. Desde 1986 Antón dirixe o proxecto *Base de datos para a formación dun diccionario do galego moderno*, coa que poder redactar un diccionario histórico da lingua galega moderna (desde 1612 á actualidade). A posibilidade de extraer materiais de múltiples maneiras (por palabra, lema, lema inverso, data de documentación, categoría gramatical etc.) converte esta base de datos nun instrumento que será útil non só para a redacción de dicionarios, senón tamén para traballos gramaticais, etimolóxicos, estatísticos etc.

En abril do 2007 baldeiráranse 1.599 obras, a maioría literarias, pero tamén textos científicos recentes e coleccións de textos orais. Á espera de comezar a redacción do diccionario, está a disposición do investigador (e público en xeral) o *Tesouro informatizado da lingua galega* no sitio <http://www.ti.usc.es/TILG>, que contén sobre 21 millóns de rexistros, dos que uns 13 millóns están lematizados e uns 8 millóns son voces graficamente pouco relevantes, polo que carecen de lematización. Cando nos anos 80 Antón botara a andar neste *Finis Terrae* o que logo sería o TILG, practicamente ninguén en Europa dera o primeiro paso, co que se anticipou a moita outra xente que en Galicia, xa nas proximidades do cambio de milenio, empezou a verlle utilidade á aplicación da informática no tratamento da lingua.

No 2000 Antón comezou a editar en versión electrónica un *Diccionario de diccionarios* como complemento desa base de datos, que na versión 3, do 2003, contén 25 obras, entre as que están todos os vellos dicionarios do galego editados desde mediados do séc. XIX á década de 1960, xunto co material lexicográfico de Sarmiento e vocabularios, glosarios e nomenclaturas recentes. Este modélico tesouro lexicográfico contén unha interfaz común coa que se pode facer a consulta simultánea de todos os dicionarios ou ben facer unha selección previa para consultar cada un por separado.

A inxente cantidade de información contida nesta obra, a facilidade no manexo do programa e os flexibles e potentes mecanismos de busca e consulta converten o “*Diccionario de diccionarios* en una fuente incomparable de información para todos los interesados en la historia de la lexicografía del gallego y en una valiosa herramienta de investigación”, en palabras de Gago-Jover, que considera que, unha vez resoltos os fallos detectados, a obra debería marcar “un antes y un después en la elaboración de tesoros lexicográficos y servir de modelo a futuras obras de características similares”¹².

O material do *Diccionario de diccionarios*, o do *TILGa* e os *corpora* do galego medieval e do galego oral do ILG serán os alicerces do *Diccionario Histórico da Lingua Galega* proxectado por Antón, unha obra semellante á de Alcover-Moll onde cada palabra virá documentada coas súas variantes, acepcións, textos que a autorizan, cronoloxía, etc. Esta monumental obra editaríase en versión electrónica, provista dun dicionario máquina que reconeza as formas asignables a cada lema.

Como secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (desde 1979 á actualidade), Antón supervisou os topónimos galegos do mapa 1:250.000 do Instituto Xeográfico Nacional, coordinou a recollida da toponimia de Galicia para o Mapa Topográfico Nacional de España (1:25.000) e participou na redacción dos ditames dos 314 concellos galegos cos que se fixo a restauración toponímica dos lugares habitados de toda Galicia. O resultado dese labor de anos é o *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (Xunta de Galicia, 2003). Na parte final da obra aparecen os decretos relativos á composición da Comisión de Toponimia, pero incomprensiblemente nin na presentación asinada polo daquela presidente da Xunta nin en parte ningunha figura os nomes das persoas que teñen traballado nese labor restaurador de anos

Redactou a entrada “Toponimia” da *Gran Enciclopedia Galega* e presentou diversos relatorios relativos a problemas de interferencia nos nomes de lugar. E actualmente é membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia que supervisa

12 F. Gago-Jover: “Santamarina, Antón, ed. (2003): *Diccionario de diccionarios*, versión 3”, *Revista de Lexicografía* XII, 2005-2006, p. 280.

a recolleita e informatización de microtoponimia nos concellos galegos, á vez que colabora coa Asociación Galega de Onomástica (1999), da que é membro fundador.

Antón, que fora un dos fundadores da Asociación de Tradutores Galegos (1984), o seu primeiro secretario e posteriormente presidente, polo texto *As aventuras de Pinocchio* (1987), onde anosou Carlo Collodi, recibiu o Premio Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura (1988) e o IBBY (International Board on Books for Young People) outorgoulle un diploma de honra á tradución na súa reunión anual de 1990. Desde hai moito tempo ten unha magnífica tradución de *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway, que aínda non deu ó prelo (e poida que tarde moito en dala), porque disque lle falta a derradeira revisión.

10. Divulgación da música e da poesía popular de tradición oral

Antón é un afeccionado á gaita de fol e á música popular, desde que o seu tío e padriño Antón, mestre en Guitiriz e persoa preocupada polo galego, lle regalou unha gaita. Era a cuarta que este tío paterno conseguía como premio pola participación cos seus alumnos na recolleita de contos populares da provincia de Lugo organizada pola Fundación Fingoi.

Anos despois, o seu interese pola música e a poesía popular callaría na edición do monumental *Cancioneiro Popular Galego* (1984-1995), en coautoría coa etnomusicóloga suíza Dorothé Schubarth, que no 1978 acudira a Antón cunhas cintas do Cebreiro das que transcribira a música, pero non fora capaz de facer o mesmo co texto. A colaboración prolongouse durante anos, nos que Schubarth transcribía a música e Santamarina transcribía e clasificaba as letras, ademais de corredactaren os prólogos case xuntos. Son testemuña das moitísimas horas que Antón lle dedicou a esas transcricións. As cantigas que Schubarth recollera en 82 concellos da Galicia administrativa e en 13 das comarcas estremeiras, moitas veces interpretáranse entre *cinzarros* de vacas ou no fragor dunha taberna, polo que non sempre era doado transcribilas; e nunha época en que non había ordenadores, facer unha clasificación de tanto material foi un labor realmente meritorio. Todo isto fixo que Antón se acabase convertendo nun experto no romanceiro hispánico.

Á parte da colaboración lingüística, tamén mediou para que, a través de Filgueira Valverde, a Fundación Barrié lle concedese unha bolsa á etnomusicóloga suíza nos anos en que se preparou a edición dunha obra que é o terceiro gran cantigueiro musical do séc. XX, despois do de Casto Sampedro e do de Eduardo Martínez Torner.

O *Cancioneiro* de Schubarth-Santamarina está formado por seis volumes de melodías e letras (e un vol. VII de táboas sinópticas e índices) nos que se transcriben

920 melodías e 4.450 letras diferentes, que en realidade son unhas 2.000 melodías e ben máis de 10.000 letras, de térense en conta as moitas variantes igualmente publicadas. No prólogo do vol. I o musicólogo López-Calo salientaba a orixinalidade da clasificación realizada, á vez que cualificaba o *Cancioneiro* como “la máxima aportación jamás intentada hacia la conservación y conocimiento del folklore musical de Galicia”.

Nos últimos anos Antón presidiu a asociación “Ultreia”, que ten o seu grupo de música folk. E segue con moito interese o importante movemento de música folk galega, con tantos e tan variados grupos. Unha das cousas que non lle gusta de bastantes deses grupos é que, como a maioría deles andan á procura do “auténtico”, moitos acaban cantando textos en castelán (ou mesturas de castelán e galego) que no traballo de campo rexistraron a informantes moi “enxebres”.

Nos magostos, nas festas de entroido e noutras celebracións organizadas desde hai anos por membros do ILG, rara é a ocasión en que non actuaba o coro “Fonemas e Sintagmas”, dirixido por Antón e por Menani Ríos, a súa compañeira desde aqueles ilusionantes anos de “O Galo” dos anos 60. No repertorio de “Fonemas e Sintagmas” (un libreto cunhas cen cantigas) non existen esas pezas que tanto lle molestan a Antón por atentaren contra a dignidade e a pureza da lingua e da cultura popular galega.

11. Ciencia, compromiso e honestidade

A primeira vez que lembro ter visto a Antón foi a mediados do curso 1972-73, cando apareceu na clase de Filoloxía Románica para substituír a Constantino García e darnos unhas leccións de fonética de latín vulgar, das que aínda debo conservar os apuntamentos. Lembro a súa moi longa barba e tamén o seu ollar máis para a mesa que para o alumnado, e non sabería dicir se xa levaba posto un dos coloridos xerseis que lle calcetaba a súa sogra, progresista boticaria compostelá. Foi a única docencia oficial que me impartiu na licenciatura, porque cando no derradeiro ano podía asistir ás súas clases de Lingua e Literatura Catalá, a coincidencia horaria coa Literatura Galega Contemporánea que impartía Carballo Calero fixo que tivese que optar. Máis tarde matriculeime no catalán de Antón como materia dos cursos de doutoramento.

Empecei a tratalo cando no verán de 1973, sendo estudante, iniciéi a miña colaboración co ILG no proxecto de recollida de léxico (primeiro nun porto do Ortegal, logo nas terras do Incio) e, sobre todo, cando me integrei en 1974 no equipo do *ALGa*. Rematado o traballo de campo dese *Atlas*, desde hai trinta anos teño a sorte de gozar ininterrompidamente do seu inmenso saber, referido ó galego e ás diversas linguas románicas e a tantos outros eidos alleos á lingüística en que é competente. Grazas a

el, hai anos que descubrín a beleza dos cantares occitanos interpretados pola maorí Kiri Te Kanawa e por el souben de moi diversos intérpretes de música clásica e popular.

Con Antón vivín desde finais de 1976, e case día a día, a interminable “questione della lingua” galega e os continuos ataques, viñesen a conto ou non, contra o labor científico do ILG e contra os seus malevolamente alcumados “comedores do galego”. As hemerotecas dos anos 80 e 90 dan moi boa conta disto. No meu arquivo persoal figuran incluso textos e declaracións de respectables persoeiros da cultura galega descualificando o ILG porque seica tiña secuestrada a RAG e seica potenciaba formas alleas á nosa lingua, coma o relativo *cuxo* (ben se ve que falaban de oídas e que non leran o *Galego 3!*); e conservo copia dalgún escrito en que Antón contestou, en privado e moi respectuosamente, algún deses ataques na prensa, o que nunca quixo facer publicamente para non botar leña ó lume e darlle argumentos á moita xente que daquela era contraria á normalización da lingua galega.

Con todo, sempre considerei que foi unha mágoa que no seu día non publicase o relatorio que presentou no I Congreso de Escritores en Lingua Galega, celebrado no mosteiro de Poio a comezos de maio do 1981, onde con rigor analizaba as posturas daquela existentes sobre a normativa do galego, á vez que explicaba a posición que el defendía, que era a que defendiamos os membros do ILG. Non se animou a editar ese texto, do que conservei unha copia mecanoscrita inzada de anotacións súas á marxe (Antón non gardou o orixinal, como non conservou algún outro que con tanto rigor redactou); e realmente un texto como ese do Congreso de Poio coído que era moi necesario nunha época de demagogia e dunha certa manipulación informativa respecto do labor do ILG e das súas propostas de codificación do idioma.

Nos seus moitos anos de docencia na USC, igual que algúns compañeiros da área de Filoloxía Románica, Antón levou unha especie de dobre vida académica: pola mañá, na Facultade, explicaba as inscricións latino-vulgares de Pompeia e o *Appendix Probi*, a formación e o mapa das actuais linguas románicas ou explicaba a evolución do italiano a partir de textos (como facía co fermosísimo poema “Chiare, fresche e dolci acque” de Petrarca ou con cantos de *La Divina Commedia* de Dante) ou ben trataba o papel do tipógrafo Coresi e de escritores como poeta Mihai Eminescu na elaboración da lingua romanese; e polas tardes (e os fins de semana, aínda hoxe), no ILG, investigaba sobre o galego, realizando sempre desinteresadamente este labor de esculca. E con ese mesmo desinterese actuou cando foi Subdirector Xeral na Xunta de Galicia preautonómica e puxo en marcha o ensino da lingua e da literatura galega, pois lembro que co que lle correspondería cobrar polos meses que estivo no cargo, aquel ano pagouse o profesorado dos diversos cursos de reciclaxe de lingua galega que o propio Antón axudara a organizar.

Considérome ben afortunado por gozar desde hai tantos anos da amizade deste “filólogo sabio, austero e abnegado”, en palabras de X. Alonso Montero; deste “sabio gardián das palabras da tribo” e deste “barco nodriza permanente onde moita xente cargou carburante científico”, como mo definiron en privado amigos comúns; deste mestre que cos seus discípulos debulla de vagar “a espiga antiga das palabras, a mazaroca da tribo que non se rende, nin recúa, nin se abaixa: o río dos nosos avós, coa esperanza de que poidan beber e mergullarse nel algún día os nosos netos”, como escribiu V. Freixanes¹³; deste home sabio que “nas palabras que oía/ sempre fervellando estaba” e que “cada palabra pesaba/ cada palabra medía”, como conta a fábula que hai anos lle dedicou Darío Xohán Cabana.

Os que o tratamos sabemos que é unha persoa tolerante e moi respectuosa, humilde e xenerosa, en exceso talvez. Realmente Antón o que sempre máis arelou foi ler e escoitar música clásica mentres lía ou estudaba o léxico galego (e os topónimos) que leva toda a vida recollendo, á vez que animaba a outros a que o fixesen; e de facer bo tempo o que lle gusta, de sempre, é patear no solpor os barrios da cidade de Santiago e as aldeas do concello, polo que podería redactar unha boa guía de Compostela e arredores, mesmo unhas memorias para mostrar como se foron transformando os barrios, as rúas e as casas da cidade nas últimas décadas. Eses paseos adoita facelos na compañía de Menani, nai dos seus dous fillos, Cibrán e Duarte, que educaron na laica e tolerante “relixión” nacionalista e na amable intransixencia no uso diario da lingua galega.

Antón nunca foi amigo de intrigas. No tempo en que estivo na dirección do antigo departamento de Filoloxía Románica e, sobre todo, nos anos en que foi o proeiro do Instituto da Lengua Galega, navegou co maino e garimoso vento mareiro, pero ás veces con salseiros e marusías que batían no costado de couso e no costado de arca (ou de meo) e que chegaban a encher de auga a cuberta do barco; e mesmo se tivo que enfrontar a algunha vaga de mar campal, das que poden chegar a afundir calquera embarcación por moi resistente e mariñeira que sexa, con quilla e cavernas ben firmes.

Con Antón compartín accións e soños por unha Galicia máis rica e máis culta, co galego plenamente normalizado en todo o seu territorio, incluídas as comarcas estremeiras onde temos acudido en días de invernia, con frío e ás veces con neve, para apoiarmos o labor de xente que, tendo practicamente todo en contra, trata de defender a lingua galega coa paixón e co entusiasmo que en Galicia foi esmorecendo a medida que institucionalmente a foron metendo nunha gaiola de ouro.

13 V. F. Freixanes: “Galegos na escaleira. Antón Santamarina”, *La Voz de Galicia*, suplemento *Sociedad*, 20-02-1994, p. XVI.

Sempre manifestou un certo pesimismo polo futuro do galego, ó que consagrou toda a súa vida; pero segue sendo o romántico nacionalista que coñecín hai máis de trinta anos, obviamente hoxe bastante escéptico; e coma sempre, segue disposto a apoiar calquera causa que teña que ver coa dignificación de Galicia, da lingua galega e da xente humilde, sexa cal sexa a súa procedencia, porque Antón nunca esqueceu que el foi un neno labrego criado nunha aldea da Fonsagrada onde a luz eléctrica normal non chegou ata 1985, anos despois de que a cola do encoro de Grandas de Salime anegase terreos da parroquia de San Martín de Suarna onde el nacera e se criara.

Con Antón teño viaxado tanto intelectual como fisicamente polo mapa europeo das linguas románicas, sobre todo polo das minorizadas. E con el, e con outros compañeiros do Instituto da Lingua Galega da USC, compartín a irrepensible travesía de recollermos por peiraos, camiños e serras unha lingua de pobres, infravalorada polos propios falantes por mor do secular desprestixio e pola práctica ausencia de usos formais; unha lingua que, unha vez depurada, desde hai anos tratamos de ir devolvéndolla á sociedade que a creou, e deste xeito contribuírmos á construción da Patria da Lingua, a dos galegos e galegas de nación e a dos galegos e galegas de corazón. E nesa travesía seguimos, porque aínda quedan –e sempre quedarán– illas, peiraos e ribeiras onde fondear, atracar, abarloar... e gozar.

Que os ventos nos sexan portantes!

ANEXO I

Bibliografía sobre Antón Santamarina

1. Notas e descrições biográficas

- Fernández Rei, F.: “Santamarina Fernández, Antón”, en *Gran Enciclopedia Gallega* 28. Santiago de Compostela / Gijón: Silverio Cañada, [1985], pp. 10-11.
- Cabana, D. X.: “Fábula”, no poemario do autor *Patria do mar*. Vigo: Ir Indo, 1989, p. 80. Reeditado como “Fábula pra Antón Santamarina”, en D. X. Cabana: *Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*. Vigo: Xerais, 2003, p. 344.
- Abuín de Tembra, A.: “A etapa de Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega”, *El Correo Gallego*, 21-11-1990, p. 59.
- Freixanes, V. F.: “Galegos na escaleira. Antón Santamarina”, *La Voz de Galicia*, suplemento *Sociedad*, 20-02-1994, p. XVI. Reprod. en X. Lobato: *Galegos na escaleira*. [A Coruña]: Fundación Caixa Galicia, 1995, p. 127.
- Conde, A.: “Somos galegos e non nos entendemos”, *O Correo Galego*, 9-7-1996, p. 48.
- Fernández Rei, F.: “Antón Santamarina: xenerosa entrega á lingua”, *O Correo Galego*, 12-01-1997, p. 64.
- Franco Grande, X. L.: “Antón Santamarina”, *La Voz de Galicia*, 24-10-1998, p. 34.
- Freixanes, V. F.: “Buscadores de palabras”, *La Voz de Galicia*, 24-10-1998, p. 12.
- Rei-Doval, G.: “Un sabio entra na Academia. No 30 aniversario de *A lingoaxe i as línguas* de Ramón Piñeiro”, *A Nosa Terra* 854, 29-10-1998, p. 34.
- Alonso Montero, X.: “Resposta [a Antón Santamarina]”, en A. Santamarina: *A lingoaxe e as línguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. Real Academia Galega: A Coruña, 1998, pp. 77-89.
- [Redacción]: “Santamarina Fernández, Antón-Luís”, *Enciclopedia Galega Universal*. V. 15. Vigo: Ir Indo, 2002, p. 176.

2. Entrevistas en xornais e revistas

- Galocha, A. L. / Celeiro, L.: “Antón Santamarina. Estudar, estudar... o idioma”, *A Nosa Terra*, 7, 10-3-1987, p. 7.
- Vence, A.: “Declaracións de Antón Santamarina, secretario del Instituto de la Lengua Gallega: La absoluta falta de protección produce el estancamiento en el uso del gallego”, *El País*, 31-03-1983, p. 21.
- Gómez, X.: “Antón Santamarina: ‘A lexislación está en contradición coa recuperación do gallego’”, *La Voz de Galicia*, 30-11-1987, p. 13.
- Pino, C.: “Antón Santamarina, o filólogo discreto”, *La Voz de Galicia*, suplemento. *Cultura* 28, 30-12-1990, p. I.
- Lodeiro Paz, M.: “Antón Santamarina, catedrático de Lingüística Románica en Santiago: ‘No hay países en los que perduren dos idiomas’”, *La Voz de Galicia*, suplemento *Aula Magna*, 28-01-1992 [unha páxina, sen numerar].

- Carballa, X.: “Antón Santamarina: ‘Non temos incomenente en dialogar pero o acordo normativo é difícil’”, *A Nosa Terra* 732, 27-06-1996, p. 9.
- Monteagudo, H.: “No vintecinco aniversario do Instituto da Lingua galega. Entrevista con Antón Santamarina”, *Grial* 129, 1996, pp. 25-42.
- Lama, M. X.: “Entrevista con Antón Santamarina, director do Instituto da Lingua Galega”, *Galicien Magazine* 3, 1997, pp. 19-23.
- [Redacción]: “Entrevista con... Antón Santamarina, Director do ILG”, *O Cartafol* 7, 1994, pp. 8-9.
- [Redacción]: “Santamarina: ‘A lingua vai unida á creatividade’”, *O Correo Galego*, 22-10-1998, p. 44.

3. Historia da familia Santamarina

- Ríos Panisse, M.: “Historia da casa da ‘Iglesia’ de San Martín de Suarna”, *Guieiros* 5, 1998 (monográfico *Antonio Santamarina Becerra*). Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, pp. 11-18.
- Santamarina, A.: “A familia Santamarina. Crónica da guerra e da posguerra”, *Guieiros* 5, 1998 (monográfico *Antonio Santamarina Becerra*). Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, pp. 23-36.

ANEXO II

Publicacións e actividades científicas¹⁴

A. PUBLICACIONES

1. Sociolingüística

1.1. Bilingüismo, conflito e normalización

- “As outras linguas españolas na Constitución e nos Estatutos de Autonomía”, *Encrucillada* 18, 1980, pp. 50-54.
- “Escrito ó Sr. Xuez Instructor do caso dos mestres de Dices-Rois”, *Encrucillada* 21, 1981, pp. 37-40.
- [Con C. Hermida Gulías] “*A Monteira* e a recuperación idiomática de Galicia”, en *A Monteira. Somanario de intereses rexionales e literaturas (1889-1989)*. Ed. facsímil. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989, pp. XXIII-XXVII.
- “Piñeiro e a lingüística”, en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, pp. 143-148.

¹⁴ Na revisión, actualización e clasificación das publicacións e actividades científicas de Antón Santamarina contei coa inestimable axuda de Xosé Luis Regueira.

